

## UN DIARIO EN PAPEL PARA UN DIXITAL MÁIS FORTE

En xuño de 2017 Sermos Galiza chegou aos 5 anos de saída ininterrompida, como semanario impreso e como diario dixital. Neste tempo **construímos unha marca** xa ben coñecida no panorama dos medios de comunicación radicados en Galiza. Traballar en soporte dixital e soporte impreso permitiu que a empresa fose tamén coñecida como unha editora con varios títulos de éxito no mercado.

As cabeceiras que edita Sermos Galiza S.A. demostraron **solvencia informativa** atendendo a actualidade co corazón e a cabeza en Galiza. Debemos valorar –pois é excepcional nos medios de comunicación e particularmente na nosa contorna– o grande **esforzo colectivo** realizado, con centenas de accionistas e asinantes a faceren posíbel a existencia dun proxecto que non é a expresión dun accionista particular ou un número reducido deles nin se sostén en apoios económicos e xornalísticos de fóra de Galiza; **somos moitas e moitos, somos plurais e só nos debemos aos intereses galegos**.

Como empresa temos a obriga de ofrecer respostas e alternativas para achegar máis públicos e este é o obxectivo que sempre nos moveu, co soporte dixital e o impreso, mantendo a independencia sobre unha **base social ampla e sólida**.

Para ofrecer máis contidos, ser un medio de referencia en Galiza, chegar a máis lectoras e lectores temos que pór máis medios en xogo. No actual contexto, tamén para asegurar o alargamento e consolidación do **diario dixital** que actualmente editamos e de cara a consolidar un espazo galego de comunicación, é clara a necesidade dun **xornal diario en papel**, centrado en e por Galiza e editado integramente na nosa lingua.

As dificultades que un proxecto deste alcance implica son evidentes, mais acreditamos en que existen condicións para o facer posíbel, e Sermos Galiza S.A. sobre as bases e principios anteriores, ten a firme vontade de traballar coa vista posta en o tornar realidade en 2019.

Farémolo sobre o marco da pluralidade e do diálogo entre Sermos Galiza S.A. e todas as asociacións e organizacións colectivas que confían nas capacidades dunha Galiza real, na certeza de que esta iniciativa ten que abranxer e ser participada por todas as persoas que conforman a nosa base lectora. É así como queremos construír este diario de intereses galegos, profesional e colaborativo, que ofrezca información e análise con rigor e perspectiva propia ao servizo, sempre, do pobo galego.

**Consello de Administración de Sermos Galiza S.A.**  
*Galiza (Compostela), 24 de novembro de 2017*